

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
32015050	CIFP A Farixa	Ourense	2025/2026

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT03	Guía, información e asistencia turísticas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0387	Deseño de produtos turísticos	2025/2026	0	140	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ISABEL CID ÁLVAREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Analiza as bases e os fundamentos da planificación turística territorial.
RA2 - Analiza o potencial turístico da zona aplicando técnicas de avaliación de recursos.
RA3 - Determina a oportunidade de creación, modificación ou eliminación dun produto ou servizo turístico, e avalía as variables que o caracterizan.
RA4 - Deseña produtos, servizos e destinos turísticos, para o que organiza e planifica actuacións concretas.
RA5 - Pon en marcha produtos, servizos e destinos turísticos, para o que selecciona as variables de maior impacto socioeconómico no ámbito.
RA6 - Dinamiza os recursos económicos territoriais, tendo en conta a relación entre a actividade dos axentes locais e o produto ou o servizo turístico creado.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identificáronse os conceptos e as premisas fundamentais da planificación estratéxica e territorial.
CA1.2 Definíronse as dimensións e os ámbitos da planificación e as particularidades do proceso adaptadas a cada caso.
CA1.3 Recoñecéronse as fases e a secuencia do proceso de planificación estratéxica do turismo.
CA1.4 Identificáronse e caracterizáronse os instrumentos e as técnicas principais para o desenvolvemento do proceso.
CA2.1 Identificáronse os elementos que constitúen os inventarios de recursos.
CA2.2 Realizáronse inventarios de recursos a partir do estudo de campo doutros recursos.

Crterios de avaliación do currículo
CA2.3 Identifícanse os puntos clave dunha ficha técnica.
CA2.4 Deseñáronse e formalizáronse fichas técnicas do recurso territorial.
CA2.5 Analizáronse as técnicas de avaliacións dos recursos turísticos.
CA2.6 Delimitáronse as unidades ambientais turísticas e estableceuse o índice de potencialidade turística.
CA2.7 Identifícanse os principais contidos da avaliación do impacto ambiental.
CA2.8 Valorouse a utilidade dos sistemas de información xeográfica para realizar estudos rigorosos, identificar limitacións e apoiar a toma de decisións.
CA2.9 Realizáronse análises tipo DAFO a partir da información obtida no estudo de campo.
CA2.10 Determinouse a posición competitiva do territorio a partir da análise DAFO.
CA2.11 Empregáronse as aplicacións informáticas para un deseño creativo.
CA3.1 Detectáronse os elementos de atracción do destino, a partir do traballo de diagnóstico previo.
CA3.2 Identifícanse os elementos que caracterizan a oferta turística existente.
CA3.3 Recoñecéronse os tres niveis que forman parte do produto turístico: recursos, servizos e valor engadido.
CA3.4 Elaboráronse mapas de posicionamento do destino e produtos que o caracterizan.
CA3.5 Comprobase se existe ou non unha perda de competitividade do destino.
CA3.6 Analizouse o ciclo de vida do destino e dos produtos que o configuran, determinando as medidas e actuacións oportunas en función da fase en que se atope.
CA4.1 Identifícanse os obxectivos clave do plan de desenvolvemento para a súa aplicación na creación de produtos ou servizos.
CA4.2 Formuláronse plans de acción conforme os obxectivos identificados.
CA4.3 Relacionáronse os recursos para establecer o tipo de produto, servizo ou destino que se queira deseñar, a partir do modelo de desenvolvemento proposto e das estratexias deseñadas previamente.

**Cráterios de avaliación do currículo**

CA4.4 Identifícaronse as características e a tipoloxía do destino, dos produtos e dos servizos planificados.

CA4.5 Identifícaronse os compoñentes do produto turístico.

CA4.6 Realizáronse as operacións necesarias para estruturar o produto, o servizo ou o destino turístico en función dos beneficios.

CA4.7 Realizáronse todos os pasos necesarios para a creación de produtos, servizos ou destinos turísticos.

CA4.8 Desenvolvéronse supostos e casos prácticos de deseño e creación de produtos turísticos contemplando a secuencia e fases do proceso.

CA5.1 Identifícaronse os efectos do turismo na área ou na zona.

CA5.2 Realizáronse todos os estudos necesarios para coñecer a capacidade de carga do destino onde se vaia levar a cabo o produto ou o servizo turístico.

CA5.3 Identifícaronse e seleccionáronse as técnicas de execución apropiadas ao modelo e á tipoloxía do destino e do produto deseñado.

CA5.4 Identifícaronse e seleccionáronse as técnicas de xestión aplicables ao plan.

CA5.5 Executáronse as técnicas necesarias para o desenvolvemento e a posta en marcha dun novo produto.

CA5.6 Establecéronse os instrumentos e as accións de comunicación principais, facendo especial referencia á construción da imaxe e as decisións de marca.

CA5.7 Executáronse as técnicas necesarias para establecer os niveis de produto ou servizo turístico.

CA5.8 Planeouse e deseñouse un modelo de xestión turística dos produtos creados, coas técnicas máis adecuadas ás particularidades de cada caso.

CA6.1 Valorouse a instrumentalización do turismo como motor de desenvolvemento local e os beneficios derivados.

CA6.2 Analizouse o marco de intervención, identifícaronse as políticas, os plans e os programas estratéxicos de desenvolvemento local.

CA6.3 Seleccionáronse e utilizáronse as políticas, os plans e os programas de desenvolvemento turístico e local.

CA6.4 Identifícaronse e seleccionáronse os equipos humanos e as técnicas adecuadas para dinamizar os recursos da zona.

CA6.5 Aplicáronse as técnicas de dinamización seleccionadas.

Criterios de avaliación do currículo
CA6.6 Valorouse a repercusión da dinamización turística levada a cabo como oportunidade de desenvolvemento local, da economía e do benestar social.
CA6.7 Distinguíronse e analizáronse as modalidades e as ferramentas de medición e control.
CA6.8 Identificáronse e seleccionáronse os indicadores para o seguimento e a avaliación correctos do produto desenvolvido.
CA6.9 Planeouse e deseñouse un sistema de seguimento e control dos produtos deseñados.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Analiza as bases e os fundamentos da planificación turística territorial.
RA2 - Analiza o potencial turístico da zona aplicando técnicas de avaliación de recursos.
RA3 - Determina a oportunidade de creación, modificación ou eliminación dun produto ou servizo turístico, e avalía as variables que o caracterizan.
RA4 - Deseña produtos, servizos e destinos turísticos, para o que organiza e planifica actuacións concretas.
RA5 - Pon en marcha produtos, servizos e destinos turísticos, para o que selecciona as variables de maior impacto socioeconómico no ámbito.
RA6 - Dinamiza os recursos económicos territoriais, tendo en conta a relación entre a actividade dos axentes locais e o produto ou o servizo turístico creado.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identificáronse os conceptos e as premisas fundamentais da planificación estratéxica e territorial.
CA1.2 Definíronse as dimensións e os ámbitos da planificación e as particularidades do proceso adaptadas a cada caso.

**Crterios de avaliación do currículo**

CA1.3 Recoñecéronse as fases e a secuencia do proceso de planificación estratéxica do turismo.

CA1.4 Identificáronse e caracterizáronse os instrumentos e as técnicas principais para o desenvolvemento do proceso.

CA2.1 Identificáronse os elementos que constitúen os inventarios de recursos.

CA2.2 Realizáronse inventarios de recursos a partir do estudo de campo doutros recursos.

CA2.3 Identificáronse os puntos clave dunha ficha técnica.

CA2.4 Deseñáronse e formalizáronse fichas técnicas do recurso territorial.

CA2.5 Analizáronse as técnicas de avaliacións dos recursos turísticos.

CA2.6 Delimitáronse as unidades ambientais turísticas e estableceuse o índice de potencialidade turística.

CA2.7 Identificáronse os principais contidos da avaliación do impacto ambiental.

CA2.8 Valorouse a utilidade dos sistemas de información xeográfica para realizar estudos rigorosos, identificar limitacións e apoiar a toma de decisións.

CA2.9 Realizáronse análises tipo DAFO a partir da información obtida no estudo de campo.

CA2.10 Determinouse a posición competitiva do territorio a partir da análise DAFO.

CA2.11 Empregáronse as aplicacións informáticas para un deseño creativo.

CA3.1 Detectáronse os elementos de atracción do destino, a partir do traballo de diagnóstico previo.

CA3.2 Identificáronse os elementos que caracterizan a oferta turística existente.

CA3.3 Recoñecéronse os tres niveis que forman parte do produto turístico: recursos, servizos e valor engadido.

CA3.4 Elaboráronse mapas de posicionamento do destino e produtos que o caracterizan.

CA3.5 Comprobouse se existe ou non unha perda de competitividade do destino.

**Cráterios de avaliación do currículo**

CA3.6 Analizouse o ciclo de vida do destino e dos produtos que o configuran, determinando as medidas e actuacións oportunas en función da fase en que se atope.

CA4.1 Identificáronse os obxectivos clave do plan de desenvolvemento para a súa aplicación na creación de produtos ou servizos.

CA4.2 Formuláronse plans de acción conforme os obxectivos identificados.

CA4.3 Relacionáronse os recursos para establecer o tipo de produto, servizo ou destino que se queira deseñar, a partir do modelo de desenvolvemento proposto e das estratexias deseñadas previamente.

CA4.4 Identificáronse as características e a tipoloxía do destino, dos produtos e dos servizos planificados.

CA4.5 Identificáronse os compoñentes do produto turístico.

CA4.6 Realizáronse as operacións necesarias para estruturar o produto, o servizo ou o destino turístico en función dos beneficios.

CA4.7 Realizáronse todos os pasos necesarios para a creación de produtos, servizos ou destinos turísticos.

CA4.8 Desenvolvéronse supostos e casos prácticos de deseño e creación de produtos turísticos contemplando a secuencia e fases do proceso.

CA5.1 Identificáronse os efectos do turismo na área ou na zona.

CA5.2 Realizáronse todos os estudos necesarios para coñecer a capacidade de carga do destino onde se vaia levar a cabo o produto ou o servizo turístico.

CA5.3 Identificáronse e seleccionáronse as técnicas de execución apropiadas ao modelo e á tipoloxía do destino e do produto deseñado.

CA5.4 Identificáronse e seleccionáronse as técnicas de xestión aplicables ao plan.

CA5.5 Executáronse as técnicas necesarias para o desenvolvemento e a posta en marcha dun novo produto.

CA5.6 Establecéronse os instrumentos e as accións de comunicación principais, facendo especial referencia á construción da imaxe e as decisións de marca.

CA5.7 Executáronse as técnicas necesarias para establecer os niveis de produto ou servizo turístico.

CA5.8 Planeouse e deseñouse un modelo de xestión turística dos produtos creados, coas técnicas máis adecuadas ás particularidades de cada caso.

CA6.1 Valorouse a instrumentalización do turismo como motor de desenvolvemento local e os beneficios derivados.

**Crterios de avaliación do currículo**

CA6.2 Analizouse o marco de intervención, identificáronse as políticas, os plans e os programas estratéxicos de desenvolvemento local.

CA6.3 Seleccionáronse e utilizáronse as políticas, os plans e os programas de desenvolvemento turístico e local.

CA6.4 Identificáronse e seleccionáronse os equipos humanos e as técnicas adecuadas para dinamizar os recursos da zona.

CA6.5 Aplicáronse as técnicas de dinamización seleccionadas.

CA6.6 Valorouse a repercusión da dinamización turística levada a cabo como oportunidade de desenvolvemento local, da economía e do benestar social.

CA6.7 Distinguíronse e analizáronse as modalidades e as ferramentas de medición e control.

CA6.8 Identificáronse e seleccionáronse os indicadores para o seguimento e a avaliación correctos do produto desenvolvido.

CA6.9 Planeouse e deseñouse un sistema de seguimento e control dos produtos deseñados.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva son os seguintes:

R1. Analiza as bases e os fundamentos da planificación turística territorial.

CA1.1. Identificáronse os conceptos e as premisas fundamentais da planificación estratéxica e territorial.

CA1.2. Definíronse as dimensións e os ámbitos da planificación e as particularidades do proceso adaptadas a cada caso.

CA1.3. Recoñecéronse as fases e a secuencia do proceso de planificación estratéxica do turismo.

CA1.4. Identificáronse e caracterizáronse os instrumentos e as técnicas principais para o desenvolvemento do proceso.

CA1.4.1. Identificáronse e caracterizáronse as técnicas principais para o desenvolvemento do proceso.

RA2. Analiza o potencial turístico da zona aplicando técnicas de avaliación de recursos.

CA2.1. Identificáronse os elementos que constitúen os inventarios de recursos.

CA2.2. Realizáronse inventarios de recursos a partir do estudo de campo doutros recursos.

CA2.4. Deseñáronse e formalizáronse fichas técnicas do recurso territorial.

CA2.5. Analizáronse as técnicas de avaliación dos recursos turísticos.

CA2.6. Delimitáronse as unidades ambientais turísticas e estableceuse o índice de potencialidade turística.

CA2.7. Identificáronse os principais contidos da avaliación do impacto ambiental.

CA2.8. Valorouse a utilidade dos sistemas de información xeográfica para realizar estudos rigorosos, identificar limitacións e apoiar a toma de decisións.

CA2.9. Realizáronse análises tipo DAFO a partir da información obtida no estudo de campo.

CA2.10. Determinouse a posición competitiva do territorio a partir da análise DAFO.

CA2.11. Empregáronse as aplicacións informáticas para un deseño creativo.

RA3. Determina a oportunidade de creación, modificación ou eliminación dun produto ou servizo turístico, e avalía as variables que o caracterizan.

CA3.1. Detectáronse os elementos de atracción do destino, a partir do traballo de diagnóstico previo.

CA3.2. Identificáronse os elementos que caracterizan a oferta turística existente.

CA3.3. Recoñecéronse os tres niveis que forman parte do produto turístico: recursos, servizos e valor engadido.

CA3.4. Elaboráronse mapas de posicionamento do destino e produtos que o caracterizan.

CA3.5. Comprobouse se existe ou non unha perda de competitividade do destino.

CA3.6. Analizouse o ciclo de vida do destino e dos produtos que o configuran, determinando as medidas e actuacións oportunas en función da fase en que se atope.

RA4. Deseña produtos, servizos e destinos turísticos, para o que organiza e planifica actuacións concretas.

CA4.1. Identificáronse os obxectivos clave do plan de desenvolvemento para a súa aplicación na creación de produtos ou servizos.

CA4.2. Formuláronse plans de acción conforme os obxectivos identificados.

CA4.3. Relacionáronse os recursos para establecer o tipo de produto, servizo ou destino que se queira deseñar, a partir do modelo de desenvolvemento proposto e das estratexias deseñadas previamente.

CA4.4. Identificáronse as características e a tipoloxía do destino, dos produtos e dos servizos planificados.

CA4.5. Identificáronse os compoñentes do produto turístico.

CA4.6. Realizáronse as operacións necesarias para estruturar o produto, o servizo ou o destino turístico en función dos beneficios.

CA4.7. Realizáronse todos os pasos necesarios para a creación de produtos, servizos ou destinos turísticos.

CA4.8. Desenvolvéronse supostos e casos prácticos de deseño e creación de produtos turísticos contemplando a secuencia e fases do proceso.

RA5. Pon en marcha produtos, servizos e destinos turísticos, para o que selecciona as variables de maior impacto socioeconómico no ámbito.

CA5.1. Identificáronse os efectos do turismo na área ou na zona.

CA5.2. Realizáronse todos os estudos necesarios para coñecer a capacidade de carga do destino onde se vaia levar a cabo o produto ou o servizo turístico.

CA5.3. Identificáronse e seleccionáronse as técnicas de execución apropiadas ao modelo e á tipoloxía do destino e do produto deseñado.

CA5.4. Identificáronse e seleccionáronse as técnicas de xestión aplicables ao plan.

CA5.5. Executáronse as técnicas necesarias para o desenvolvemento e a posta en marcha dun novo produto.

CA5.6. Establecéronse os instrumentos e as accións de comunicación principais, facendo especial referencia á construción da imaxe e as decisións de marca.

CA5.7. Executáronse as técnicas necesarias para establecer os niveis de produto ou servizo turístico.

CA5.8. Planeouse e deseñouse un modelo de xestión turística dos produtos creados, coas técnicas máis adecuadas ás particularidades de cada caso.

RA6. Dinamiza os recursos económicos territoriais, tendo en conta a relación entre a actividade dos axentes locais e o produto ou o servizo turístico creado.

CA6.1. Valorouse a instrumentalización do turismo como motor de desenvolvemento local e os beneficios derivados.

CA6.2. Analizouse o marco de intervención, identificáronse as políticas, os plans e os programas estratéxicos de desenvolvemento local.

CA6.3. Seleccionáronse e utilizáronse as políticas, os plans e os programas de desenvolvemento turístico e local.

CA6.4. Identificáronse e seleccionáronse os equipos humanos e as técnicas adecuadas para dinamizar os recursos da zona.

CA6.5. Aplicáronse as técnicas de dinamización seleccionadas.

CA6.6. Valorouse a repercusión da dinamización turística levada a cabo como oportunidade de desenvolvemento local, da economía e do benestar social.

CA6.7. Distinguíronse e analizáronse as modalidades e as ferramentas de medición e control.

CA6.9. Planeouse e deseñouse un sistema de seguimento e control dos produtos deseñados.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A primeira parte da proba suporá a realización dun exame teórico que versará sobre os contidos conceptuais do módulo. Consistente nunha batería de preguntas curtas e/ou tipo test e/ou de desenvolvemento. No caso de preguntas tipo test as respostas incorrectas poderán restar unha porcentaxe que será determinada en función do número de preguntas de este tipo e debidamente comunidas no enunciado da proba.

A primeira parte da proba terá carácter eliminatorio. Cualificarase de 0 a 10 puntos para súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos. De non acadar esta puntuación mínima, non terá dereito á realización da segunda proba (parte práctica).

Superada a primeira proba procederase a realizar a segunda parte da mesma; consistirá no desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos escritos, que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Para o desenvolvemento desta proba práctica será necesario que o alumnado dispoña de regra e calculadora básica.

Cualificarase de 0 a 10 puntos, para súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

A cualificación final correspondente da proba do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes. Non se aplicará ningún tipo de redondeo nin aproximación á unidade, polo que para acadar o aprobado será estritamente necesario obter unha nota final mínima de 5,0 puntos.

No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de 4 puntos.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba consiste nun exame teórico-escrito que permita aos alumnos elaborar as súas respostas de acordo cos seus coñecementos, podendo comprobar directamente a calidade, profundidade e dominio terminolóxico.

Este exame consistirá nun conxunto de ítems de enunciado breve aos que corresponderán unha ou máis respostas presentadas a modo de alternativas, respostas de frase curta, palabras ou cifras, así como preguntas a desenvolver (que serán debidamente identificadas). Polo tanto, as preguntas poderán ser:

¿ De desenvolvemento, definición e ensaio: Preguntas longas (temas a desenvolver), preguntas curtas, definición de conceptos técnicos do módulo, explicación de teorías ou análises críticas. Estas preguntas serán debidamente identificadas no enunciado.

¿ De evocación: Resposta breve, frase curta, unha palabra, unha cifra, complementación (incluír palabras que faltan nunha frase ou texto), texto incompleto ou gráficas (realizar un gráfico ou debuxo como resposta).

¿ De discriminación: Dúas opcións (verdadeiro/falso), opcións múltiples ou xustificación da opción elixida.

¿ De recoñecemento: Selección múltiple (por exemplo: seleccionar familias de palabras, conceptos relacionados, etc.), elección da mellor resposta (de varias respostas boas, elixir a máis adecuada) ou asociación (asociar termos, conceptos ou palabras en idiomas distintos).

¿ De identificación: Ordenación (ordenar elementos cronoloxicamente, por relevancia ou numericamente), localización (localizar un erro ou anomalía nun texto ou suposto) ou probas múltiples (identificar cales ou cantas operacións/afirmacións son erróneas).

No caso de incluír preguntas tipo test, as respostas incorrectas poderán restar unha porcentaxe que será determinada en función do número de preguntas e debidamente comunicada no enunciado.

Esta primeira parte da proba terá carácter estritamente eliminatorio. Cualificarase de 0 a 10 puntos e, para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual o superior a 5,0 puntos netos. De non acadar esta puntuación mínima de 5,0 non se terá dereito, en ningún caso, á realización da segunda proba (parte práctica). Para a realización desta primeira parte, o material necesario será exclusivamente un bolígrafo azul ou negro e calculadora.

##### 4.b) Segunda parte da proba

Superada a primeira proba, procederase a realizar a segunda parte da mesma. Esta consistirá nun exame práctico-escrito cuxo contido poderá incluír:

Supostos prácticos.

Exercicios prácticos partindo dunha situación real ou ficticia a fin de solucionar situacións aplicando os contidos conceptuais do módulo.

Exposicións orais.

Deseñar fichas de recollida de información e datos.

Asociar conceptos.

Análise e interpretación de datos sobre conceptos recollidos nos contidos.

Calquera outro que poida ter relación cos contidos do módulo e que sirva para demostrar a competencia práctica do alumnado.

O material necesario para a realización desta proba será exclusivamente un bolígrafo azul ou negro, regra e calculadora básica (non programable).

Cualificarase de 0 a 10 puntos. Para a súa superación, será estritamente necesario acadar unha puntuación mínima de 5,0 puntos netos, sen que se aplique ningún tipo de redondeo á alza.

No caso de que as persoas aspirantes obteñan unha cualificación inferior a 5,0 nesta segunda parte, a proba práctica considerárase suspensa e a puntuación máxima final que poderá asignarse na acta do módulo será de 4,0 puntos.

A cualificación final correspondente da proba do módulo profesional será a media aritmética exacta das cualificacións obtidas en cada unha das dúas partes (teórica e práctica). Non se aplicará ningún tipo de redondeo nin aproximación á unidade en ningunha das notas nin no resultado final (as notas manteranse coas súas decimais exactas). Polo tanto, para acadar o aprobado no módulo será estritamente necesario obter unha nota final media igual ou superior a 5,0 puntos netos.